

# A AELG propón accións para o día de Rosalía

Celebrarase o 24 de febreiro

📅 26/1/2017 / Santiago. Redacción

**A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) fixo públicas as súas propostas para celebrar o día de Rosalía de Castro, que se conmemorará o 24 de febreiro. A AELG propón que ese día a cidadanía agasalle cun libro en galego e unha flor, e que se realicen unha serie de actos no ámbito educativo. A maiores, a AELG terá un acto central ás 12:00 do domingo 19 de febreiro no Panteón de Galegos Ilustres, coa lectura do manifesto da asociación redactado este ano por Leticia Costas.**

## **Actividades para os centros de ensino**

"Para a educación Secundaria e Bacharelato proponse a gravación nos centros de ensino dun Mannequin Challenge, onde o alumnado interaccione visualmente coa obra ou a figura de Rosalía, mentres que para a educación Infantil e Primaria a AELG propón que cada alumna/o elabore unha máscara de Rosalía de Castro. Posteriormente fariáanse fotos do alumnado caracterizado de Rosalía acompañado das súas persoas maiores, portando entre ambos un pequeno cartel cun verso rosaliano da escolla da alumna ou alumno. A documentación gráfica sería subida á rede polo centro de ensino antes do 24 de febreiro, coa etiqueta #RosalíaTe".